

## Apuntamentos para un estudo da historia da violencia entre as clases traballadoras da Galicia urbana (1890-1936)

ANTONIO MÍGUEZ MACHO

Universidade de Santiago de Compostela

### RESUMO

A violencia como concepto culturalmente construído é obxecto de análise no presente artigo, en particular, canto a relación existente entre a violencia política e os movementos sociais, a partir do caso de estudio histórico do movemento obreiro en Galicia. Un movemento social creador dun novo repertorio de acción colectiva que tivo que competir coa existencia de repertorios pretéritos baseados na protesta comunitaria e, ao tempo, coa acción represiva do Estado e doutros contramovementos, mediatizados pola construción de significados políticos por parte da prensa. Na normalización destas formas de levar a cabo a protesta política, contíñase unha loita polo dereito de cidadanía a protestar (“o dereito a reclamar dereitos”): un combate por acadar ou tirar lexitimidades na utilización da violencia como recurso contencioso.

**Palabras chave:** violencia política, movementos sociais, movemento obreiro, lexitimidade, cidadanía.

### ABSTRACT

The violence as culturally constructed concept is object of analysis in the present article, individual, as soon as concerns the existing relation between the political violence and the social movements, from the case of historical study of the labor movement in Galicia. A creative social movement of a new repertoire of collective action that it had to compete with the existence of past repertoires based on the communitarian protest and, to the time, with the repressive activity of States and other contramovements, conditional by the political construction of meaning on the part of the press. In the normalization of these forms to carry out the political protest, a fight by he himself right of citizenship was contained to protest (“the right to protest right”): a combat to obtain or to clear legitimacies in the use of the violence like contentious resource.

**Keywords:** political violence, social movements, labor movement, legitimacy, citizenship.

## VIOLENCIA POLÍTICA E MOVEMENTOS SOCIAIS: DEBATES CONCEPTUAIS

Violencia refírese a un concepto “importado” pola xerxa científica dende a vida cotiá, segundo apunta Donatella della Porta, e a súa definición convencional na ciencia social remite a un comportamento dirixido a infrinxir un dano físico ás persoas ou á propiedade. En particular, a violencia política cinguiríase á utilización desta forza física para danar a un adversario político, mediante un comportamento que viola a definición prevalente sobre a lexítima acción política<sup>1</sup>. Con todo, e a partir destas consideracións máis ou menos evidentes, é preciso sinalar que a violencia por riba de todo é froito dunha apreciación subxectiva dos actores que interactúan, e así na propia definición de acción colectiva disruptiva, esvaécense os límites entre a acción violenta e aquela que non o é.

Para comezar, habería que precisar se é pertinente distinguir os significados de “violencia” e de “violencia política”, ou se pola contra, toda a violencia é esencialmente igual, aínda que teña expresións diferentes. Nesta cuestión en concreto, Durkheim ten afirmado que a acción colectiva, a delincuencia común ou o suicidio, son manifestacións diversas dunha mesma desorde social, causada polos cambios acelerados nas sociedades modernas. O sociólogo francés denominou estado de anomia á situación resultante do conxunto complexo de transformacións sociais, económicas, culturais e políticas que se estaban experimentando nas sociedades europeas dos séculos XIX e XX, que disolvían dos controis sociais pretéritos, e desencadeaban a violencia colectiva. Os efectos asociados a fenómenos coma a urbanización e a industrialización, acentuarían os comportamentos antisociais, nun proceso de diferenciación e integración xerador ao seu paso de discontinuidades e crises de control e desarraigo<sup>2</sup>.

O contexto histórico no que Durkheim desenvolveu esta sorte de argumentación, presenciou tamén a emerxencia das coñecidas como “teorías das masas”, reflexións psicosociais nas que foron pioneiros outros dous autores franceses: Gustave Le Bon e Gabriel Tarde. A cuestión fundamental sobre a que reflexionan céntrase na interpretación do comportamento do individuo no marco dun grupo, o cal caracterizan a partir das súas observacións empíricas e da descrición de feitos históricos, como sustancialmente distinto ao comportamento do individuo isolado. En relación con este último tipo, no individuo “masa” detectan unha perda da capacidade racional, unha perda do sentido moral e unha marcada tendencia á cega sumisión a un líder forte. Particularmente, Le Bon cons-

1 DELLA PORTA, D. *Social movements, political violence and the state: a comparative analysis of Italy and Germany*. Cambridge: Cambridge University Press, 1995

2 Unha idea que forma parte dunha visión moito máis complexa sobre os sustratos da “modernidade” na que, como apunta Habermas, coinciden G.H. Mead e tamén Weber ou Parsons, referíndose á “racionalidade occidental”, caracterizada a un tempo por unha progresiva xeralización e universalización das normas morais e xurídicas, e unha progresiva individuación dos suxeitos socializados. HABERMAS, J. *Aclaraciones a la ética del discurso*. Traducción e Introducción de Manuel Jiménez Redondo, 2000. (En ad III: ¿Un concepto pragmático de lo ético?).

trúe unha teoría da irracionalidade do comportamento humano cando non é individual, e asevera que o estado de espírito dunha multitude escraviza á personalidade de cada un dos seus membros, até o punto de transformalo enteiramente: un ser pacífico, pódese voltar feroz. A premisa de que existe un abismo que separa o comportamento dos individuos isolados, que adoptan decisións racionais, do comportamento colectivo, irracional a causa do contaxio individual, forma parte da corrente de pensamento dominante na alcumada como “idade das masas”, período dos primeiros trinta anos do século XX. A idade das masas erixiuse no tema central de reflexión de múltiples sociólogos, filósofos e psicólogos, dentro dunha corrente de análise do que se deu en denominar “collective behaviour”<sup>3</sup>.

A conclusión máis relevante que se pode extraer deste tipo de análise, ven a ser que se a violencia en xeral é expresión dunha desorde social, a violencia política en particular sería consecuencia dunha desorde política. Os movementos sociais son analizados como unha forma de “comportamento colectivo”, nunca como expresión dunha acción política racional. As análises de corte psicosociolóxico sobre a violencia coinciden nesta liña argumental cos modelos de tipo estrutural-funcionalista, de orixe *parsoniana*. Un sistema é o produto da integración das unidades de tal xeito que cando o sistema non está integrado, equilibrado e estable, acusa as consecuencias desta inestabilidade baixo a forma de violencia, movementos políticos e sociais<sup>4</sup>. A aplicación da teoría do sistema social tal e como foi formulada por Parsons a casos históricos, sobre todo á industrialización e ás revolucións, coa idea de pescudar nas condicións de estabilidade do sistema, predecir posíbeis perturbacións e propoñer medidas de política social pertinentes, deu como froito obras como *Revolutionary Change*, de Chalmers Johnson e *Theory of collective behavior* de Neil Smelser. Johnson entende que unha sociedade normal, libre de crises, debe concebirse como un “sistema social coordinado por valores” funcionalmente adaptados ás esixencias do seu ambiente. En coherencia con isto, cre que o cambio revolucionario é un fracaso das autoridades prerrevolucionarias que perderon a súa lexitimidade, como di T. Skocpol, “a teoría da sociedade e do cambio social de Johnson, fai das orientacións de valor e da lexitimidade política os elementos claves para explicar o xurdimento de

- 
- 3 LE BON, G. *Psicología de las masas*. Madrid: Morata, 1986 e LE BON, G. *Bases científicas de una filosofía de la historia*. Madrid: M. Aguilar, 1931. A vulnerabilidade da sociedade de masas aos fenómenos totalitarios, constitúe unha preocupación esencial de ARENDT, H. *Los orígenes del totalitarismo* (3 vols.). Madrid: Alianza Editorial, 1981 (ed. orixinal de 1951). Para a conceptualización do home-masa, ORTEGA Y GASSET, J. *La rebelión de las masas*. Madrid: Espasa-Calpe, 1986 (ed. orixinal de 1929) e KORNHAUSER, W. *Aspectos políticos de la sociedad de masas*. Buenos Aires: Amorrartu, 1969. Acerca da sociedade de masas, é fundamental o teórico italiano PARETO, V. *Escritos sociológicos*. Madrid: Alianza Editorial (selección, traducción, introducción e notas de María Luz Morán), 1987, p. 214-215.
- 4 McADAM, D. “Orígenes terminológicos, problemas actuales, futuras líneas de investigación”. En: D. McADAM, J. McCARTHY y M. N. ZALD (eds.). *Movimientos sociales: perspectivas comparadas*. Madrid: Istmo, 1999. p. 49-70 (p. 125) e GINER, S. e. a. *Diccionario de Sociología*. Madrid: Alianza Editorial, 1998.

situacións revolucionarias, as opcións das autoridades existentes e a natureza e o triunfo das forzas revolucionarias”<sup>5</sup>.

Smelser, pola súa banda, nunha tradición que podemos remontar a Durkheim e ao positivismo organicista, pretende demostrar a operatividade da teoría estrutural-funcionalista para explicar fenómenos históricos. Os seus traballos sobre a revolución industrial e a conduta colectiva, tratan de amosar cómo a socioloxía pode dar conta do por que, cando, onde e como ocorren episodios de conduta dramática e de pánico, revoltas, revolucións, ás que os seres humanos de todas as civilizacións véñse empurrados en determinadas circunstancias. A complexidade da teoría de Smelser pódese albiscar na elaboración de toda unha secuencia de determinantes do comportamento colectivo, a cada un dos cales atribuíu un valor agregado con respecto aos anteriores. Discrimina a condutividade estrutural, as tensións estruturais e a definición de creencias xeralizadas, ademais da aparición de acontecementos decisivos ou factores precipitantes, que co desenvolvemento de grupos coordinados e o funcionamento do control social, completan a análise<sup>6</sup>.

A fins dos sesenta, xurdirá unha nova formulación teórica procedente, neste caso, do ámbito da politoloxía: a Teoría da Privación Relativa, que intenta explicar distintos fenómenos de violencia nos que se ven involucrados os suxeitos a partir da percepción subxectiva que teñen da súa situación. Ted Gurr, un dos representantes máis insignes desta teoría, replantexa a formulación da frustración-agresión dende a premisa de que o elemento basal do comportamento violento é a disparidade entre expectativas e realidades. É dicir, a privación con respecto ao que se esperaba (privación respecto das aspiracións), privación por decrecemento (hai unha crise pero as aspiracións se manteñen estáticas) e a privación progresiva (nunha crise, non soamente permanecen as aspiracións, senón que seguen medrando). En todos estes casos de privación, a posibilidade de que finalmente estoupe a violencia, dependería da intensidade efectiva dos sentimentos de privación e das dimensións do grupo afectado<sup>7</sup>. Esta teoría, así como as anteriores de Johnson e Smelser, están vencelladas pola idea común de que o descontento provocado por certa combinación de condicións estruturais é un factor determinante para explicar a emerxencia dos movementos sociais: “un incremento na extensión ou intensidade das queixas ou privación e o desenvolvemento da ideoloxía ocorre con anterioridade á que abrolle o fenómeno dun movemento social”<sup>8</sup>.

5 SKOCPOL, T. *Los Estados y las revoluciones sociales*. México D.F.: Fondo de Cultura Económica, 1984 p. 33 e 34. JOHNSON, C *Revolutionary Change*. Stanford: Stanford University Press, 1982 (edición orixinal 1965).

6 SMELSER, N. J. *Teoría del comportamiento colectivo*. México D.F.: Fondo de Cultura Económica, 1962. PÉREZ LEDESMA. “*Cuando lleguen los días de la cólera* (Movimientos sociales, teoría e historia)”. En: VV.AA. *Problemas actuales de la historia*. Salamanca: Universidad de Salamanca, 1993. p. 140-187 (p. 157 e 158), tamén en JULIÁ, S. “La cultura política del militante obrero”. En: J. MAURICE, B. MAGNIEN y D. B. GENEVOIS. *Pueblo, movimiento obrero y cultura en la España contemporánea. Culturas populares, culturas obreras en España entre 1840 y 1936*. Paris: Presses Universitaires de Vincennes, 1990. p. 179-191.

7 GURR, T. *Why men rebel?*. Princeton: University Press, 1970.

8 En MCCARTHY, J. D. y M. N. ZALD. “Resource Mobilization and Social Movements: A Partial Theory”. *American Journal of Sociology*. 1977, 82, 6, p. 1212-1239 (p. 1214) Traducción propia.

A partir da experiencia vivida coas mobilizacións dos anos sesenta e o agromar dos chamados “novos movementos sociais”, as perspectivas de análise dende o ámbito da socioloxía cambiaron na liña de negar que existise diferenza substancial entre a racionalidade do comportamento do individuo en soidade e a racionalidade do mesmo individuo cando formaba parte dun colectivo como pode ser un movemento social. Por outra banda, tamén coincidían en aseverar que as actividades reivindicativas emprendidas por eses movementos sociais, que deron en chamar acción colectiva, tiñan unha lóxica e seguían uns patróns identificables, tanto naqueles casos nos que estas accións fosen “pacíficas” como cando viraban en violentas. O sociólogo norteamericano Charles Tilly desenvolveu o concepto de “repertorios de acción colectiva” para referirse a esas formas diversas de actuar xuntos en favor de intereses comúns, que constrixen a acción colectiva nun compendio fixo de accións, é dicir, nun repertorio:

Esas variedades de acción constitúen un repertorio en algo semellante ao sentido teatral ou musical da palabra. [...] A xente coñece as regras xerais de actuación máis ou menos ben, e cambia de actuación segundo o que ten a man<sup>9</sup>.

Este repertorio é ademais flexible e, sobre todo, cambia historicamente. De certo, unha parte fundamental dos estudos de Tilly céntranse en detectar o momento de cambio do que chama repertorio antigo ao novo, algo que se produciu nalgún momento do século XIX no que se comezou a empregar o que aínda agora está vixente dende entón. A data varía dun país a outro e de grupo en grupo, por máis que en xeral, a inflexión tivera lugar primeiro en Gran Bretaña, a continuación en Francia e finalmente en Alemaña e outros. As características do repertorio antigo son o seu rango local (parroquial) e o seu carácter patrocinado (apélase aos posuidores do poder inmediato). Así, exemplos característicos serían os motíns de subsistencia, a ocupación de terras, as destrucións de máquinas, os *charivari*, encerradas, serenatas, expulsión de recadadores, de traballadores estranxeiros e demais. Pola súa banda, o repertorio novo caracterízase polo seu carácter nacional e, relativamente, autónomo. Así, folgas, demostracións, mítins, insurreccións planeadas, campañas electorais, serían parte deste repertorio, ao igual que os movementos sociais. Tarrow sinala que o esquema de Tilly presenta unha eiva ao tratar un movemento social como forma de acción colectiva, posto que é moito máis que iso. Ademais, a diferenza entre o vello e o novo repertorio non radica soamente nas formas locais e patrocinadas, fronte as nacionais e e autónomas, senón que hai que ter en conta o que permitiu que o cambio de repertorios se levara a efecto: a modularidade do novo repertorio. En palabras de Tarrow “Refírome á capacidade dunha forma de acción colectiva para ser empregada por unha variedade de axentes sociais contra un abano de obxectivos, sexa por si mesma o en combinación con outras formas”<sup>10</sup>.

9 TILLY, C. “Speaking your minds without elections. Surveys, or Social Movements”. *Public Opinion Quarterly*. 1983, 47, p. 461-478 (p. 463).

10 TARROW, S. *El poder en movimiento. Los movimientos sociales, la acción colectiva y la política*. Madrid: Alianza Editorial, 1997. p. 69.

Esta característica do novo repertorio condiciona tamén o feito de que os movementos sociais empreguen na realidade unha mistura de repertorio antigo e repertorio novo, como no caso do movemento obreiro en Galicia que aquí servirá de caso de estudo. Neste punto constatamos que existe unha certa incompreensión nos autores que empregan o concepto de repertorio de acción colectiva como simple sinónimo de conxunto de formas de actuación que desenvolve un movemento social. A idea de repertorios de contenda implica ademais intersubxectividade, é dicir, que existen unha pautas de conflito recoñecibles por todos os contendentes. Nestes contendentes inclúense tamén as autoridades, os contramovementos ou as forzas de orde pública, de tal xeito que os modos que teñen estas últimas de reaccionar ante as actuacións dun movemento social, son parte esencial dos repertorios de acción colectiva mesmos. Moita da violencia colectiva xurde de accións que non son intrinsecamente violentas, como poden ser manifestacións que acaban con enfrontamentos entre as autoridades e a policía ou con ataques dos manifestantes. Por iso, a violencia colectiva non xurde normalmente dunha actitude individual dun grupo, senón da interacción estratéxica entre os grupos, e na experiencia histórica dos últimos séculos en Occidente, como sentencia Tilly, as forzas de represión son os principais iniciadores e actores da violencia colectiva<sup>11</sup>.

## **O MOVEMENTO OBREIRO COMO CREADOR DUN NOVO REPERTORIO: O CONTROL DA PROTESTA POPULAR**

A celebración do primeiro de Maio de 1890 pode ser presentada como a primeira acción organizada polo nacente movemento obreiro que superou o ámbito local ou comarcal e estendeuse por distintos puntos do Estado, constituíndo con iso o primeiro chanzo do cambio dun repertorio antigo a un novo. A chamada da II Internacional a adicar esta xornada á reivindicación e a festa, tivo en Galicia unha repercusión inmediata, o que indica por unha parte, que o movemento obreiro irrompe na escena política como o primeiro axente político e social con capacidade de mobilización “nacional” (despois da Igrexa Católica), e por outra, que a mobilización obreira acontecerá independentemente das condicións de desenvolvemento económico concreto de cada unha das rexións de España. Unha vez máis, confírmase a máxima que Gamson e Tilly enunciaron a finais dos sesenta sobre os feitos e causas que explican a acción colectiva, pois se ben todos os movementos sociais poden conter motivacións relacionadas directamente coa privación e o agravio, estes sentimentos non explican as diferenzas entre aquelas situacións nas que os participantes sintense agraviados e actúan colectivamente, e aquelas nas que se sinten agraviados igual, pero non o fan<sup>12</sup>.

---

11 TILLY, C. *From mobilization to revolution*. Nueva York: McGraw-Hill, 1978. p. 176.

12 GAMSON, W. A. *The Strategy of social protest*. Belmont (California): Wadsworth, 1990 y en TILLY. *From mobilization to... op. cit.*

A cidade pioneira na mobilización do Primeiro de Maio en Galicia foi A Coruña, onde o movemento obreiro estaba máis consolidado e, sobre todo, onde o coste de oportunidade do “madrugador dos movementos sociais” era menor, pola presenza dunha elite republicana aliada do movemento social. Ante o anuncio desta mobilización inédita, a reacción das autoridades apróximase ao pánico, e boa proba desta tensión son os ansiosos telegramas que envían os gobernadores civís aos alcaldes das principais cidades e vilas do país, pedindo informes sobre se os obreiros destas pensan secundar aos da Coruña nas accións reivindicativas. A pesar da tensión e negros presaxios, non vai ocorrer ningún incidente nesas primeiras protestas colectivas protagonizadas por un movemento social en Galicia, na mesma liña do que sucederá no resto de España. Nalgúns casos, a presión represiva impide que o día acordado para iniciar a mobilización esta teña lugar, como no caso de Santiago de Compostela, pero esa mesma actuación das autoridades non pode impedir que pouco despois, no mesmo mes de maio, se levase a efecto. Esta mobilización executada os días 18 e 19, seguiu os pasos dun clásico *turn out* ou “percorrido comunitario”, segundo deixa entrever a descrición do sorprendido (e indignado) alcalde compostelano:

Esos mismos obreros se han reunido sin la autorización competente en la tarde de antes de ayer 18 en la Robleda de San Lorenzo y en Vidán ayer tarde presidiéndolos y cohartándoles el citado Alonso. También ayer por la mañana se reunieron en el lugar del Castiñeirío marchando después a hacer abandonar su trabajo a los obreros de las Fábricas de curtidos habiendome visto obligado a proteger con la Guardia Civil y municipal a las de Juan Harguindey (hijo) y Juan Harguindey (padre) temiendo una colisión fina entre los obreros había quien quería seguir a los huelguistas y otros continuar trabajando, viéndose obligados los fabricantes por último á cerrar sus establecimientos en los cuales continúan paralizados los trabajos<sup>13</sup>.

Esta forma de actuar repítese nas primeiras accións colectivas emprendidas polo movemento obreiro como amosa o caso da Coruña na folga xeral de Maio de 1891, na que tamén se vai unindo aos obreiros rúa por rúa, impelíndolles a que abandonen o traballo, até engrosar unha manifestación considerable<sup>14</sup>. O sistema de mobilización colectiva do “percorrido comunitario” funcionaba exactamente igual nos motíns ou tumultos caracterizados como tradicionais, que seguiron pervivindo aínda moito tempo despois de que os repertorios de protesta calificados como “novos” estivesen xa implantados. Pensemos, por exemplo, en cómo se desenvolven os acontecementos dun motín popular deste tipo, acontecido na Compostela de 1914. Este conflito iniciáase a consecuencia da detención

13 ALCALDE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. «Correspondencia al Gobernador Civil». Santiago, 20/05/1890. *Orden Público. Reuniones y manifestaciones públicas. Huelgas (1884-1905). Leg. 3* (AHUS).

14 EL CORSARIO. «La sección de huelguistas obligó al paro a los obreros en calle de Panaderas. Contestación: sastres están dispuestos a secundar a los compañeros». *A Coruña*, 07/05/1891.

dunha rapaza que traballaba de criada dun coñecido médico da cidade, por un presunto furto:

Al medio día, numerosos vecinos de San Lorenzo acudieron á la plaza de Alfonso XII á la hora en que el juez permanecía en su despacho oficial, para pedirle que decretase la libertad de la acusada. Se les hizo ver que había que depurar las responsabilidades que pudieran caberle, y entonces, al anoecer se repitió la manifestación, ya considerablemente engrosada, frente a la casa del Sr. Baltar en la plaza del Toral. Hubo gritos de protesta, silbidos y algunas pedradas. La afluencia de gente era muy grande. El desorden duró más de tres horas. [...]. Cuando el larguísimo alboroto parecía que no llevaba trazas de terminarse, llegó el alcalde al Toral y ordenó á los municipales que desalojasen la plaza. Para ello tuvieron que cargar, siquiera fuese suavemente, contra los revoltosos y los protestantes.

A duras penas quedó restablecido el orden á las once de la noche. Antes, y simultáneamente con la manifestación numerosos grupos se dirigieron al Paseo de la Herradura y se situaron frente al Sanatorio del doctor Baltar, parece con ánimo de apedrear el establecimiento. Se presentó allí el cabo de la Guardia municipal Sr. Ferreiro, con varios agentes, y mediante un hábil movimiento envolvente, por el ala izquierda, desde el Pombal, logró cerrarles el paso. Luego, ya frente á frente, no empleó para batir á los atacantes más que razones de humanidad y sensatez. Hizoles ver que se trataba de una casa refugio y alivio de enfermos, y los indignados vecinos se retiraron buenamente, volviendo al Toral en rápida corrida<sup>15</sup>.

O comportamento da xente ten todas as características clásicas do repertorio antigo, especialmente no que refire a dirixirse en “percorrido comunitario” polos distintos lugares en que teñen lugar os acontecementos. Pero na liña do que se apuntou previamente con respecto ao significado intersubxectivo do concepto de repertorio, tamén segue os patróns do repertorio tradicional o xeito de enfrentarse ao problema por parte das autoridades que aparecen en escena: alcalde, xuíz e guardia municipal. O alcalde preséntase tamén no lugar dos feitos e negocia coa multitude para que abandone a súa actitude, antes de pedirlle á Guardia Municipal que cargue en contra dela. Negociación e represión, pau e cenoria, que se repite no final, máis ou menos atildado polo cronista, no que ten lugar a apelación do Guardia Municipal Sr. Ferreiro “a razóns de humanidade” para que a xente desistise da súa protesta. A conclusión que se pode tirar deste acontecemento é que a acción colectiva sempre segue unhas pautas, tanto cando era un tipo de mobilización comunitaria como esta, como cando se trata daquela auspiciada por un movemento social. Por outra banda, nun contexto postradicional as formas de actuación comunitaria non teñen por que desaparecer, senón que conviven nun marco de identidades múltiples. Por iso, aínda que o repertorio de acción colectiva impulsado polo movemento obreiro xa estivese implantado,

15 26/09/1914. Orden Público. Reuniones y manifestaciones públicas. Huelgas (1914-1917). Leg. 3 (AHUS) (nova de *La Voz de Galicia*).



os repertorios de acción comunitarios característicos dos motíns seguían substistindo, e volvían a rexurdir sempre que explotaba unha protesta popular.

Este rexurdir da protesta popular tivo un importante expoñente no ciclo de motíns populares do verán de 1892 que se estenderon por toda Galicia (e boa parte de España), dende finais de xullo, durante todo o mes de agosto e alcanzaron, nalgúns casos, o mes de setembro. No caso de Galicia, foron seis os que se detectaron durante ese verán quente, en Noia, Pontevedra, Vigo, Ourense, Castrelo e A Fonsagrada. Segundo Vallejo Posada, autor que ten analizado esta vaga de motíns, as protestas estarían motivadas polo odiado imposto de consumos, e terían todos os rasgos das que se viñan realizando dende moitos anos antes, pero comezaríase a apreciar a influencia da organización obreira nacente e dos seus modos de actuar propios<sup>16</sup>.

Como puido ser comprobado para o caso de Vigo, o motín ten lugar despois da convocatoria dunha folga, auspiciada pola protoorganización obreira da cidade, como amosa a dimensión que lle concede aos feitos o semanario anarquista de A Coruña *El Corsario*:

Disturbios por el odioso tributo de consumos, ahora las lecheras de Vigo. 60 huelguistas, informa “La Unión Republicana” de Pontevedra “apedrearon un desembarque de leche en el puerto: “Están dando un ejemplo digno de aplauso las mujeres en España, y que nosotros no debemos olvidar para cuando llegue el día; pues si se presentan tan valientes, no hay duda que muchos hombres deben procurar de cuidar las gallinas, mientras sus esposas, madres y hermanas hacen la Revolución Social<sup>17</sup>.”

A transición dun repertorio antigo a un novo semella non ter fin, como acredita o feito de que á altura de 1917 nun momento xa de plena madurez da organización e capacidade de mobilización do movemento obreiro, sucedan motíns en varias cidades e vilas de Galicia, no contexto da crise económica pola subida de precios durante a Gran Guerra. Tumultos e motíns que seguen a acontecer nos anos posteriores, especialmente durante a chamada crise da Restauración, dun xeito xeralizado, como constata David Ruíz para Barcelona fabril de principios do século XX ou Francisco Sánchez no caso de Madrid:

Los madrileños que saquean las tiendas y regalan pan en 1919 son los mismos que dos años antes han sustentado una huelga general revolucionaria. Los que castigan a los tranvías con el fuego purificador en 1920 son los mismos que tres años después votan la candidatura socialista como ciudadanos serios y concienciados. Toda una pomposa federación de industria crecida en 1921, la Federación Local de la Edificación, se permite el lujo de rechazar a los peones por no ser de oficio... No puede afirmarse seriamente que las huelgas de este momento sean un fenómeno “obrero” con una clase obrera de sujeto, mientras que los motines y disturbios de complicada ubicación eran “populares” y tenían a unas difusas “clases populares” de protagonistas, en dos niveles

16 VALLEJO POSADA, R. “Pervivencia de las formas tradicionales de protesta: los motines de 1892”. *Historia Social*. 1990, 8, p. 3-27 (esp. p. 16-17).

17 EL CORSARIO. «Disturbios por el odioso impuesto de consumos». A Coruña, 07/08/1892.

de conciencia escalonados –uno arriba y otro abajo– o separados, cuando no enfrentados. Y que los que coprotagonizaban estos hechos tenían una profunda esquizofrenia en sus conciencias de clase o dos niveles comunicados entre sí [...]”<sup>18</sup>.

A remanencia deste tipo de conflitos nos que os protagonistas podían ser obreiros asociados, é esclarecedora dun fenómeno característico da modernidade: a superposición de identidades individuais con manifestacións colectivas diversas. Non é, xa que logo, ningún tipo de esquizofrenia, nin rémora de suposto “primitivismo”, senón todo o contrario. Estamos a falar dun tipo de protesta que, por outra banda, por moito que conserve modos de expresión pretéritos, adquire queira ou non un significado distinto acorde cos tempos:

Detrás de los gritos y las quejas de la multitud que se echa a la calle para protestar contra los impuestos, el precio de los alimentos de primera necesidad, la actuación del clero o la injusticia del sistema de reclutamiento, se encuentran los emblemas del poder que perciben en su vida cotidiana: el Estado, el Ejército y la Iglesia. Si seguimos la dirección que toma la multitud amotinada cuando recorre las calles y plazas de sus localidades veremos que su recorrido, que ha podido comenzar en el mercado, en el fielato de consumos o incluso en la salida de la plaza de toros o de un baile público, termina casi siempre en los mismos lugares: el Ayuntamiento, la casa-cuartel de la Guardia Civil, el juzgado o la cárcel, curiosamente los edificios donde ondea la bandera nacional, el símbolo del Estado<sup>19</sup>.

Sen embargo, esta forma de actuar presenta unha serie de eivas máis ou menos evidentes, a máis importante delas derivada das dificultades de control por parte de calquera organización do comportamento deste tipo de multitude, que contrasta coa previsible represión sobre os elementos organizados que se desencadeaba de seguido. O movemento obreiro vaise enfrentar a este tipo de actuacións populares implantando unha serie de pautas de actuación, e o control da protesta afecta por igual tanto a socialistas como a anarcosindicalistas. Por iso, a pretendida separación entre a prudencia de actuacións de socialistas e o desamaño tónico dos anarquistas non é tal, pois ambas tendencias dentro do obreirismo organizado coinciden no desprezo cara os motíns populares. Así o expresaba o último editorial de *Acción Libertaria*, semanario anarquista que tivo a súa redacción en Vigo antes de desaparecer en 1911:

- 
- 18 SÁNCHEZ PÉREZ, F. “De las protestas del pan a las de trabajo. Marginalidad y socialización del fenómeno huelguístico en Madrid (1910-1923)”. *Historia Social*. 1994, 19, pp. 47-60 (p. 52). También en ELORZA, A. “Socialismo y agitación popular en Madrid (1908-1920)”. *Estudios de Historia Social*. 1981, 18-19, p. La pervivencia del motín en Barcelona, en RUÍZ, D. “Las huelgas industriales en la España del siglo XX: acontecimientos y estadísticas”. En: S. CASTILLO (coord.). *El trabajo a través de la historia. Actas del 2º Congreso de la Asociación de Historia Social (Córdoba, 1995)*,. Madrid: UGT, Centro de Estudios Históricos y Asociación de Historia Social, 1998, pp. 265-279.
- 19 GIL ANDRÉS, C. “Los ecos del motín: percepción del Estado y de otros símbolos del poder en la España del primer tercio del siglo XX”. En: S. CASTILLO y J. M. ORTIZ (coords.). *Estado, protesta y movimientos sociales*. Bilbao: AHS y UPV, 1998, pp. 263-268 (p. 264).

Hay anarquismo instintivo; no hay anarquismo consciente. Estamos, pues, fuera de la época. Porque nosotros queremos algo más que instintos, algo más que impulsos de la animalidad, algo más que la rebeldía del bruto, que la acometividad de la fiera. Nosotros queremos algo más que motines callejeros, que populacherías y caudillajes, que así cuadran al anarquismo como á un Santo Cristo un par de pistolas...<sup>20</sup>

O movemento obreiro vai patrocinar un tipo de acción colectiva propio, controlado pola súa organización e no que a violencia ocupará un lugar supeditado sempre ás decisións estratéxicas e as interaccións mantidas coas autoridades. Esta violencia dependía, como é lóxico, das posibilidades loxísticas de cada período, que condicionaban decisivamente o grao de danos que realmente se podían producir. Por poñer un caso significativo, obsérvese o “arsenal” dos canteiros compostelanos detidos na Alameda da cidade en 1896, cando estaban en folga e planeaban accións contra os esquiroleos:

Ayer noche tuvo confidencia esta Alcaldía de que obreros intentarán hoy huelga general aprovechando venida peregrinación Padrón, con propósitos agresivos para romper piedras trabajadas obras Universidad porque admitió contratista obreros portugueses. Hoy siete mañana reuniéronse en Alameda algunos provistos de armas. Guardia Municipal detúvolos y ofreciendo resistencia envié recado Guardia Civil, con quién estaba de acuerdo, y con cuya intervención ingresaron en la cárcel, sin oponer resistencia. [...] Detenidos 46 que entrego ahora al Juzgado instrucción.

Se incautaron un revolver cargado con cinco cápsulas; Un cuchillo-puñal; Una navaja de afeitar y tres usuales; Un cuchillo; Otro de los que emplean los curtidores; Una trencha de carpintero; Una llave inglesa; Una palanqueta de hierro arrojada en la alcantarilla de la calle del Franco por un obrero<sup>21</sup>.

Este humilde conxunto de ferramentas de artesáns de oficio, máis que armas propiamente ditas, contrasta coa grande cantidade de “petardos” e pistolas que empezan a proliferar a partir de 1909-10, como consecuencia dos sucesos da Semana Tráxica e a conseguinte inquedaanza que provocan estes entre as clases acomodadas. Hai referencias neste sentido, e son frecuentes as novas en prensa dun aumento das persoas que se fan con armas: “Estos días muchas personas de la ciudad y pueblos de la provincia acuden al Gobierno Civil para proveerse de armas”, circunstancia que obrigaba a tomar medidas de precaución por parte das propias autoridades: “se ordenó al jefe de la Guardia Municipal haga inventario de las armas en los comercios”<sup>22</sup>. Serán os sectores abastados e conservadores os primeiros en facerse con armas de fogo, nunha tendencia que se viu estimulada

20 ACCIÓN LIBERTARIA. «Despedida», Vigo, 17/11/1911.

21 25/01/1896. Orden Público. Reuniones y manifestaciones públicas. Huelgas (1884-1905). Leg. 11 AHUS.

22 GACETA DE GALICIA, «Armas», Santiago de Compostela, 14/08/1909 y 17/08/1909.

pola política impulsada dende sectores da patronal, consistente en exacerbar a violencia con motivo das folgas. É moi interesante, como contraste, un manifesto dos carpinteiros de Compostela de xaneiro de 1918 acerca do conflito que viñan sostendo co patrón Pazos (presidente da patronal da cidade). Este individuo, aproveitando a clausura de sociedades obreras a causa dos sucesos de agosto de 1917, substituíu aos traballadores por outros non asociados, co que se desencadeou o conflito.

Y nos entrevistamos con el patrono Pazos para ver de solucionar el conflicto y más tarde con la Sociedad patronal que preside el citado señor, y de él recogimos a nuestros ruegos la siguiente contestación: *Nosotros admitimos a quien nos da la gana, pero tenéis una solución, esperarlos a su llegada y con una moca, cuchillo o cualquier arma romperles la cabeza o matarlos, y os vereis libres de su presencia* (Textual). Así, con este cinismo y mala entraña, piensa el presidente de la Sociedad patronal. Patrono Pazos: *Nosotros despreciamos tus consejos que nuestros pechos honrados no dan cabida al crimen ni lo consiente; lo condenan. Luchamos por nuestra emancipación como hombres libres conscientes, sin más armas que la razón y el derecho*<sup>23</sup>.

Atopar referencias de que a patronal se encargase de armar aos esquiros non é doado, porque as autoridades prestan unha escasa atención a esta circunstancia comparativamente co desmedido interese por calquera mostra de violencia por parte dos obreiros. Con todo, estes feitos tiñan lugar con frecuencia, como na folga de cargadores do porto coruñés de 1920 (un conflito de extrema dureza que dura máis de seis meses). Un tal José Pró Sirera presenta unha demanda contra a Asociación Patronal no Tribunal Industrial no nome dunha serie de obreiros que foran esquiros en 1920, a causa dunha serie de promesas feitas polos patróns que non foran cumpridas. Nesta denuncia, explícitanse os contundentes medios de actuación da patronal:

Inventaron una clasificación de periodos: periodo de peligro y periodo sin peligro; o en otros términos peligro de muerte y no peligro de muerte. Se refiere tal vez a los tiempos próximos a la organización de la Colla Fija o Colla Nueva en que llegó a ser preciso armar de pistola a los obreros de la nueva organización frente a los de la antigua y a los tiempos posteriores<sup>24</sup>.

É preciso, noutras ocasións, ler entre liñas sucesos que quedan consignados de modo bastante tendencioso, como os de Bugallido (Ames) en 1919, nos arredores de Santiago de Compostela, que tiveron lugar no decurso dun conflito entre os obreiros constructores e o alcalde de Ames, que era á vez o contratista da casa en construción:

23 SOCIEDAD DE CARPINTEROS DE SANTIAGO. «Carta al Alcalde». Santiago de Compostela, 12/01/1918. *Orden Público. Reuniones y manifestaciones públicas. Huelgas (1914-1917)*. Leg. 28 (AHUS).

24 MAGISTRATURA DE TRABAJO, «José Pró Sirera, defiende a Juan López Yáñez, Enrique Carballido Suviela, Amadeo Vázquez Rodríguez, Bonifacio Doroteo Rey, Domingo Gomez Gomez y José Ribadulla Sostoya, contra la Asociación Patronal», A Coruña, 04/07/1925, *Leg. 2/44* (AHRG).

Celebraron una reunión los obreros en la parroquia de Bugallido sin autorización ni local conocido pero pacífica. Al regresar obreros de Teo y al pasar delante casa Presidente Patronos, ocurrió una pedrea. No estaba en casa el Presidente pero si su familia y una pareja de la Guardia Civil. Ignora el Alcalde los autores de la pedrea y tiros. Heridos Maximiliano Coto presidente *Sociedad de oficios varios* de Teo disparo arma segundo espacio intercostal y brazo derecho, pronostico gravisimo Antonio Rocamora obrero disparo arma herida nivel tercio medio supra-espinal estado grave. Ingresaron en este Hospital. Supongo obreros Santiago especialmente caso fallecimiento solidarizaran compañeros<sup>25</sup>.

Evidentemente, entre o acto de apedrear e que resulten feridos de morte dos obreiros hai unha desproporción notable, pero o narrador é o alcalde de Ames, quen curiosamente contaba na súa casa cunha parella da Guardia Civil cando chegaron os obreiros. Por fortuna, o semanario *Lucha Social*, das sociedades obreiras de Santiago, permítenos ter un contraste da versión anteriormente ofrecida, o que confirma as impresións dunha extralimitación represiva:

[...] Cuando al llegar cerca de la casa que habita el patrono Paz les salió al encuentro el sargento Galán y el guardia Pereiro. Preguntó el sargento quién era el presidente y al contestarle este, hicieron fuego sobre el grupo que, espantado, se deshizo corriendo en todas las direcciones. Las mortíferas balas alcanzaron al presidente y a un vocal de la sociedad, hiriéndolos gravemente<sup>26</sup>.

A maioría da violencia que inicia o movemento obreiro, diríxese non tanto contra os patróns, senón contra outros obreiros que son esquiros ou non están asociados. O habitual é que sexan este tipo de sucesos os que quedan consignados nas fontes, porque os alcaldes informaban ao Gobernador puntualmente dos mesmos:

A las 24 y en barrio Guadalupe cuando Ricardo González, cabo de consumos regresaba domicilio fué agredido por Benito Longueira, carpintero, haciendole tres disparos arma fuego á quemarropa, hiriendole pecho con orificio salida y dandole golpes cabeza. Relacionase suceso con intento Longueira asociar empleados consumos fracasado en sus gestiones<sup>27</sup>.

Na fase de grande conflictividade dos anos 1918-1921, cando o pistoleirismo en Barcelona estaba no seu punto álxido, a prensa máis reaccionaria esforzábase en destacar todas as noticias que indicasen a frecuencia de actos violentos. De feito, o máis impor-

25 ALCALDE DE AMES. «Oficio al Alcalde de Santiago». Ames, 05/10/1919. Orden Público. Reuniones y manifestaciones públicas. Huelgas (1918-1932). Leg. 5 (AHUS).

26 LUCHA SOCIAL. «Los sucesos de Bugallido». Santiago de Compostela, 11/10/1919.

27 ALCALDE DE SANTIAGO. «Informe al Gobernador Civil». Santiago de Compostela, 01/08/1920. Orden Público. Reuniones y manifestaciones públicas. Huelgas (1918-1932). Leg. 10 (AHUS).

tante suceso do período tivo lugar en 1921 e foi o asasinato de Nicasio Pérez Moreno, que era o presidente da Asociación Patronal de Ferrol, cando se dirixía ao seu domicilio acompañado dunha escolta<sup>28</sup>. Este feito, que excede amplamente os cánones habituais da violencia xa non soamente na propia cidade de Ferrol, senón no conxunto de Galicia, ten lugar xusto cando a tensión por efecto da conflictividade parecía iniciar un certo declive. Asistimos ao efecto típico da radicalización de grupúsculos no seo dun movemento que recúa, con consecuencias represivas desastrosas para o conxunto. O movemento obreiro en Ferrol, a diferenza doutras cidades de Galicia como A Coruña, Santiago ou Vigo, durante a Dictadura de Primo de Rivera viuse sometido á unha vixilancia moi intensa á marxe de calquera lóxica que non fora a vinganza polos sucesos de 1921. Fose por esta circunstancia ou por outras, os obreiros tamén eran conscientes da pouca axuda que lles ofrecía o pistoleirismo, inclusive os anarquistas. As palabras de José Villaverde, líder galego do movemento obreiro, en maio de 1923, son bastante significativas, segundo nos informa o delegado da autoridade presente na conferencia que pronunciou no centro de sociedades obreiras anarcosindicalistas de Compostela:

Este ebanista natural de esta ciudad y residente en Oviedo habló aconsejando la anarquía revolucionaria, sin usar las pistolas y bombas en las calles, para demostrar a las autoridades que con la represión del terrorismo como practican en Barcelona nada conseguirán<sup>29</sup>.

Se neste sentido a postura dos anarquistas era bastante clara, outro tanto se pode dicir dos socialistas, que xa de por si, eran absolutamente reacios a calquera utilización extrema da violencia e ademais empregaban este elemento como diferenciador dos anarquistas. O semanario *Solidaridad*, do PSOE de Vigo, explica a postura do partido diante da guerra de pistolas da Barcelona dos anos vinte:

Se han vuelto a repetir los atentados personales en Barcelona.

El Socialista da una llamada de atención a los trabajadores y a la opinión imparcial, que debe ser tenida muy en cuenta.

Sean quienes sean los que de nuevo salen a la calle con las pistolas; sean del Sindicato libre o del único, se nos antojan instrumentos de la reacción y enemigos de la clase trabajadora. Está demostrado que esa política de terror y violencia tiene como resultado justificar el terror y la violencia de la burguesía, y la clase trabajadora ya ha sufrido bastante en los tres años de suspensión de garantías...

28 EL COMPOSTELANO. «Atentado social», Santiago de Compostela, 16/07/1921.

29 DELEGADO DEL ORDEN PÚBLICO. «Oficio a la Alcaldía». Santiago de Compostela, 17/05/1923. *Orden Público. Reuniones y manifestaciones públicas. Huelgas (1918-1932). Leg. 19 (AHUS)*.

Y sepan aquellos que a título de revolucionarios son instrumento o juguete de la reacción capitalista que el proletariado conoce también los procedimientos que se emplean, y se va cansando de aguantar coacciones absurdas y farsas tan indignas como cruentas<sup>30</sup>.

Neste mesmo sentido do limitado das accións con resultado de morte, é preciso matizar algunhas visións un tanto catastrofistas da II República, polo que os datos e impresións do momento reflicten. A presenza de armas de fogo segue a ser residual tanto nas cidades como no rural e quizais sexa o desenvolvemento das acontecementos durante o Golpe de Estado de xullo de 1936 unha boa proba da carencia de medios de defensa armados entre o movemento obreiro, sendo as requisas de armas practicadas polos comités da Fronte Popular expresivas desta situación. Con todo, durante a II República aumentará a percepción de violencia pola existencia de choques nas rúas entre grupos radicalizados, fundamentalmente falanxistas fronte a anarquistas da FAI e comunistas, cunha representatividade social e política pequena. Nos casos que temos referenciados que acaban en morte, as vítimas son sempre integrantes do movemento obreiro:

No hay lucha de clases pero...

El asesinato de un trabajador

De todos nuestros lectores es conocido el hecho. El camarada Antonio Gundín, del Sindicato de Cargadores y Descargadores, (C.N.T.) ha sido muerto el miércoles pasado por un fascista. Mientras se persigue implacablemente a los trabajadores, mientras es imposible que un obrero se arme, porque todo el peso y el rigor de la ley burguesa caerían sobre él, los fascistas -y los que no lo son, pero que están a bien con el régimen presente- pueden armarse como les place y usar sus armas en la forma que las usaron en Ferrol el miércoles pasado. En la misma tarde, otro fascista sacó un revólver en el muelle, y que sepamos nosotros no ha sido castigado [...]<sup>31</sup>.

En conversación recente co ferrolán José Beceiro Fernández, que foi detido nos anos corenta pola súa filiación antifranquista, confirmaba o ritual da violencia na cidade neses anos. Beceiro era entón un rapaz que acudía ás clases do Instituto da cidade, e dende alí comentaba cos compañeiros os enfrontamentos entre grupos de falanxistas e comunistas que tiñan lugar cada noite, ás veces animados tamén polos limpabotas que militaban na FAI. O caso é que a presenza de armas de fogo era nula, e de feito destacaba como o máis destacado líder da cuadrilla comunista, un boxeador amateur chamado “El Tarzán Gallego”, famoso precisamente pola súa habilidade cos puños<sup>32</sup>.

30 SOLIDARIDAD. ÓRGANO DEL PARTIDO SOCIALISTA OBRERO EN VIGO. «Del momento». Vigo, 29/07/1922.

31 EL OBRERO. «El asesinato de un trabajador», Ferrol, 6/07/1935.

32 *Entrevista a José Beceiro Fernández, realizada por Antonio Miguez Macho*. Covas-Ferrol, 27/07/2006 y 1/08/2006. Proxecto de Investigación Interuniversitario “As Voces, os Nomes e os Lugares”.

## A CONSTRUCCIÓN DA PERCEPCIÓN SOCIAL DA VIOLENCIA POLOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

No estudio dun movemento social posúe unha particular importancia a imaxe que del presentan outros actores sociais. A elaboración dos marcos de acción colectiva, que son en palabras de Klandermans conxuntos de crenzas compartidos colectivamente que converten a participación nun movemento social nun todo con significado, é un proceso de construción social no contexto dun discurso público. Por iso cremos que é tan importante considerar o contexto de interacción comunicativo que experimentou o movemento obreiro co que xa comezaba a ser opinión pública, así como os efectos da relación con outros actores políticos e sociais do país<sup>33</sup>.

Para amosar cómo é preciso ter en conta a construción visual da violencia máis aló dos meros datos cuantitativos, é interesante a cuestión do tratamento diferencial da represión exercida sobre labregos e obreiros, dun xeito tal que a violencia exercida sobre os primeiros xeneraba un impacto moito maior que a practicada contra os obreiros, algo especialmente significativo na prensa conservadora, a reaccionaria en xeral, e a católica en concreto. A prensa obreirista pola súa banda, tamén outorgaba unha importancia singular a actos de violencia das forzas de orde público contra os labregos “indefensos”. Por poñer algúns exemplos do que se ven dicindo, *Germinal* (semanario anarquista coruñés) recolle unha denuncia feita a *El Correo Gallego*, sobre cinco labregos de Neda «molidos a garrotazos por la Guardia Civil», cando xa se converteu esta cuestión nun tema de denuncia pública na que se involucra tamén a prensa xeneralista e até a reaccionaria. Contrastando fortemente con este tipo de novas, atópase o tratamento deste mesmo tipo de prensa dos sucesos de maio de 1901 na cidade da Coruña, que deixaron un saldo de varios obreiros mortos e numerosos feridos, despois dunha manifestación convocada polos principais sindicatos da cidade que foi disolta con extrema violencia. Non é soamente que por estes medios non se amose ningún tipo de conmiseración coas vítimas, senón que mesmo se felicitan das condecoracións impostas á Guardia Civil por esa acción represiva e soamente dende a prensa republicana solicítase timidamente que se abra un «juicio contradictorio». Esta mesma idea acerca da diferenciada dureza coa que se valoran os actos represivos dependendo de quen fosen as vítimas, foi obxecto de reflexión polo semanario republicano *La Defensa*. Na crónica dos acontecementos relativos á asemblea agraria de Ribadavia de 1913, da que se afirma que non foi un modelo de orde, engádese: “¡Si hubiera ocurrido esto en una reunión de obreros habrían tenido que ver los comentarios!”<sup>34</sup>.

33 KLANDERMANS, B. *The Social Psychology of Protest*, Oxford: Blackwell 1997, p. 17 y ss.

34 GERMINAL. «Cinco campesinos molidos a garrotazos». A Coruña, 26/11/1904 y EL COMBATE, «Los sucesos de mayo: juicio contradictorio». A Coruña, 22/09/1901. LA DEFENSA. «Asamblea agraria en Ribadavia». Santiago de Compostela, 29/11/1913.



Un dos exemplos máis sonados, ten que ver cos sucesos de Nebra (Porto do Son) de 1916, con varios paisanos mortos a mans da Guardia Civil, que provocan unha serie de actos de protesta conxuntos co movemento obreiro que desembocan nun paro xeral en Santiago.

#### LAS SOCIEDADES OBRERAS AL PUEBLO DE COMPOSTELA:

La muerte, con inexorable crueldad, ha señalado con su frío dedo una víctima más del negro caciquismo gallego. Su nombre es Ramona Suárez una infeliz mujer, herida de dos balazos, que no pudo sobrevivir a la doble amputación que hubo de sufrir en nuestro hospital. Una vida más que ha pagado su feudo de sangre a esos viles mercaderes de la voluntad del pueblo, que, cuando no pueden exprimir su bolsa, chupan su sangre. Esos son los caciques. Asistid, santiagueses, al sepelio de esta infeliz y desgraciada mujer, que, por negarse a dejar sin pan a sus hoy huérfanos hijos sufrió el martirio en aras del santo amor de madre.

Acompañad sus restos mortales y testimoniad con un acto de presencia, la enérgica censura de vuestras conciencias contra ese caciquismo, ignorante, feróz y sanguinario que escuda tras el máuser sus asqueantes garras. Santiago, 17 de Octubre 1916<sup>35</sup>.

Significativamente, esténdese unha campaña de solidaridade na prensa de toda cor e condición, como no caso del periódico maurista compostelano *La Verdad*, que apunta que “los sucesos de Nebra son culpa del caciquismo, los vecinos no iban contra la guardia civil” e incluso titula “Para los heroicos vecinos del Son”<sup>36</sup>.

No caso do obreirismo, o estado de prevención dos sectores conservadores e abastados ante un inminente estoupido revolucionario, será unha constante dende a Revolución Rusa de 1917. No chamado non en balde “Trienio Bolchevique”, empregárase sistematicamente pola prensa conservadora do país a ameaza dunha inminente revolución obreirista para xustificar a represión exercida. Entre os exabruptos contra os revolucionarios rusos destacan os que profere a prensa local, como o conservador promaurista *El Compostelano*. Títulos como “Horrores de los bolcheviques” (*El Compostelano*, 20/02/1920), forman parte dunhas pormenorizadas crónicas sobre o bolcheviquismo que incluíron tamén “Cómo fue asesinada la familia imperial rusa” (*El Compostelano*, 22/06/1920), e co paso do tempo acadaron cotas singulares: “Canibalismo y bolcheviquismo” (*El Compostelano*, 4/02/1920)<sup>37</sup>. Como expresión da alerta social xerada polas campañas dos medios de comunicación diante dunha suposta ameaza bolchevique, foron xurdindo os chamados “somatenes”. No arquivo municipal de Betanzos, gárdase un “Expediente instruido en virtud de comunicación del Sr. Comandante militar de esta plaza trasladando una orden

35 LAS SOCIEDADES OBRERAS. «Al pueblo de Compostela». Santiago, 17/10/1916. *Orden Público. Reuniones y manifestaciones públicas. Huelgas (1914-1917). Leg. 14* (AHUS).

36 LA VERDAD. «Para los heroicos vecinos del Son». Santiago de Compostela 22/10/1916.

37 *El Compostelano*. Santiago de Compostela (as datas, no texto).

del Excmo. Sr. Ministro de la Guerra para implantar la organización de somatenes en las ciudades é interesando se le remita una relación nominal de propietarios hacendados y demás personas de orden, para organizarlo en esta ciudad...”, de febreiro de 1920. Sabemos tamén que o día 14 dese mesmo mes, o alcalde da vila Agustín Leis informa de que tras una “breve e razonada discusión en el Ayuntamiento, este acordó unánimemente la formación de los somatenes”<sup>38</sup>. Do mesmo modo, en A Coruña parece ser que houbo algunha reunión neste sentido: *El Compostelano* informa de que tuvo lugar en el Gobierno Militar de A Coruña una reunión para organizar los somatenes<sup>39</sup>. Con todo, non semella que nen estes proxectos nin outros do estilo pasasen de meros exercicios retóricos, pois na realidade non ficaron evidencias do seu funcionamento. Unha cousa é que este discurso da orde amparado no catolicismo militante dése azos a unha determinada alarma social, e outra, que se correspondese cunha práctica social efectiva. En todo caso, servía para negarlle demandas concretas aos obreiros e soste un entramado asociativo adicado en exclusiva a fornecer os intereses patronais.

A II República non constitúe neste sentido de emprego da violencia obreirista como motivo mobilizador das dereitas ningunha novidade cualitativa, aínda que si cuantitativamente prodúcese un “bombardeo por saturación” da opinión pública. Unha situación que se acrecenta especialmente no 1936, despois da vitoria electoral do Frente Popular, como sinala Eduardo González Calleja:

La pendiente de una violencia revolucionaria incontenible que desemboca inevitablemente en la Guerra Civil ha sido un mito persistente. Lo que dio dramatismo a la primavera de 1936 no fue la inminencia de esa *révolution introuvable*, sino la creciente visibilidad de la violencia política en las grandes ciudades, y su preocupante evolución en espiral desde abril de 1936. Cualquier hecho coactivo o delictivo, por mínimo que fuera, era magnificado y politizado por ambos bandos. Todo ello produjo un generalizado estado de miedo y de ansiedad que aceleró la dinámica de represalias y contrarrepresalias, en medio de continuos llamamientos a la resolución de los problemas políticos por medio de la fuerza<sup>40</sup>.

No caso de Galicia, con todo, exprésase con maior claridade se cabe, a desproporción entre a suposta situación de descontrol da orden pública que denunciaba a prensa e políticos de dereitas, como por exemplo José María Gil Robles no seu célebre discurso parlamentario do 16 de xuño de 1936, e a realidade do que acaecía nas rúas. Os feitos de violencia política máis importantes dese ano foron accións criminais de pistoleiros falanxistas con resultado do asasinato de sindicalistas e militantes de esquerdas, que tive-

38 Diversos Oficios de Orden Público. 1074. 1898-1935. (AMB).

39 *El Compostelano*. Santiago de Compostela, 10/02/1920.

40 GONZÁLEZ CALLEJA, E. “La dialéctica de las pistolas: la violencia y la fragmentación del poder político durante la Segunda República”. En: J. MUÑOZ SORO, J.L. LEDESMA y J. RODRIGO (Coords.). *Culturas y políticas de la violencia. España siglo XX*. Madrid: Siete Mares, 2005.

ron como resposta a convocatoria de folgas xerais “antifascistas” nas cidades e vilas de A Coruña, Ferrol, Vigo, Ourense, Sarria ou A Estrada, pero non como resultado dunha “guerra de pistolas” na que houbera dous bandos. Certamente, os gobernos municipais que voltaran a ter maiorías de esquerdas, foron obxecto de críticas por parte dos sindicatos e partidos obreiros pola súa escasa efectividade na represión contra os falanxistas, condicionados por unha actitude legalista na represión deste tipo de fenómenos. Sen embargo, a propia queixa que se eleva desde as instancias do movemento obreiro por esta actitude das autoridades, constitúe un recoñecemento explícito do propio movemento do principio de autoridade que delas emana. A constitución de “milicias antifascistas” para defenderse resultou, polo menos no caso galego, un exercicio retórico máis que unha realidade práctica, como por certo ficou demostrado tras a sublevación militar de xullo. Os esforzos das autoridades locais estaban mediatizados polo respecto ás garantías legais dos presuntos culpábeis, o que non significa que non se implicaran con decisión na persecución das actividades criminais dos falanxistas, como no caso de Ánxel Casal en Compostela. O compromiso de Casal coa persecución das actividades dos falanxistas vai ser proporcional ao desafío que se plantexaba por grupos que acumulaban nas súas casas porras de aceiro e goma, revólveres de todo tipo, máuseres e até explosivos, e foi por certo, causa inmediata do seu asasinato posterior<sup>41</sup>.

## VIOLENCIA POLÍTICA E LEXITIMIDADE: ENTRE FACTICIDADE E VALIDEZ

A violencia é un fenómeno social e culturalmente construído, que varía dunha sociedade a outra e a través dos diversos contextos históricos. Con todo, existe unha diferenciación básica entre aquela violencia chamada lexítima nunha sociedade e aquelaoutra que non o é. Non sempre existe un consenso sobre o significado e contido exacto desa “lexitimidade”, pero si podemos aseverar que co proceso de diferenciación estrutural característico da modernidade, o Estado aspira a monopolizar o caudal simbólico do monopolio da violencia lexítima. Coa emerxencia de novos actores políticos como son os movementos sociais, o dereito a reclamar dereitos constitúese como un dos principais motivos de mobilización, unha cuestión que problematiza continuamente os límites do que se considera violencia lexítima no marco dunha sociedade dada. Por outra banda, a extensión dos medios de comunicación e a súa crecente importancia para a loita política, xogan un papel fundamental na continua reconsideración do significado mesmo da violencia política. Con este actor social activo, non serve simplemente considerar que a barreira entre violento e non violento está en que a acción se salde con mortos ou feridos, porque o violento pode ser considerado lexítimo ou non segundo os intereses políticos aos que se atenda.

41 Resultado de distintos rexistros realizados a finais de marzo, comezos de abril de 1936 por orde da Alcaldía e executados pola Comisaría de Inspección y Vigilancia de Santiago de Compostela. *Orden Público, 1933-1938*. (AHUS).

Como recorda Tilly, seguindo a Grundy e Weinstei, pódense distinguir cando menos tres definicións do que é violencia, cada un delas preferida por determinados grupos sociais e políticos. A que se chama “restritiva” refírese a aqueles usos da forza física que están prohibidos por unha lei lexítima, conceptualización preferida obviamente polas autoridades que promulgan as leis e as fan valer. A denominada “intermedia”, que inclúe calquera uso da forza física para conseguir un obxectivo, é a que empregan no seu discurso político os demoliberais, especialmente no momento en que actuaban como revolucionarios na contra dos seus inimigos do Antigo Réxime. Por último, a definición ampla concerne a toda privación dos dereitos humanos en vigor e xustamente sería aquela preferida polos que protestan, como os movementos sociais. A loita por normalizar determinadas formas de acción colectiva, obxectivo central como temos visto da acción de movementos como o obreiro, implica unha loita aínda maior porque a violencia que se exerza nelas sexa lexítima, e polo contrario, que a violencia que se exerza en contra delas, deixe de selo. Como consecuencia desta actitude, na que se están reconfigurando dereitos esenciais do que chamamos cidadanía, as clases traballadoras participan dun modelo de lexitimidade da violencia diferente do que funcionaba na protesta comunitaria.

Quixemos chamar a atención do lector sobre o feito de que a violencia é un concepto historicamente construído e na súa definición actual teñen participado de forma moi destacada dous actores sociais e políticos claves, como son o Estado e os movementos sociais. Por iso hai que ser prudentes á hora de trasladar de forma automática as nosas categorías e consideracións sobre o que é ou non é violento a contextos históricos pasados, sobre todo cando máis aló diso, pensamos en violencia lexítima. Os repertorios de protesta que patrocinou o movemento obreiro, como folgas, manifestacións ou mítins, son aceptados hoxe como formas de acción colectiva non violentas e, ademais, lexítimas. Sen embargo, non sempre foi así, e cando comezaron a porse en práctica foron obxecto de represión policial e política que era considerada lexítima dentro dos marcos legais realmente existentes. Moitas destas accións colectivas non intrínsecamente violentas, remataban con vítimas, destrozos e disturbios, precisamente porque máis aló da cuestión concreta que os motivara, eran loitas polo recoñecemento do dereito mesmo de protesta. O compoñente esencial da cidadanía que son os dereitos, recorda que este estatus non se garantizou historicamente dun modo automático, senón que se tivo que loitar por el, como exemplifican diversos movementos emancipatorios (e neste sentido, cidadáns) dos séculos XIX e XX. O combate de movementos como os da clase obreira, das sufraxistas, dos dereitos civís, conteñen un compoñente esencial de intersubxectividade: son loitas polo recoñecemento, pois para ser cidadán, un requisito esencial é ser recoñecido como tal polos teus iguais.

Ademais desa loita co Estado pola lexitimidade do dereito de protesta, o movemento obreiro tivo que lidar coa realidade dunhas formas de protesta comunitaria que implicaban a aceptación dun estatus social subalterno para as clases populares. Os motíns eran formas de acción colectiva pautadas e moi contundentes, pero que partían dunha concepción da orde social construída sobre as bases do paternalismo e a deferencia, e

apelaban á responsabilidade moral das elites coas clases populares, non a unha serie de deberes cidadáns esixibles no marco dunha sociedade de seres humanos “libres e iguais”. Para caracterizar historicamente os repertorios de protesta, non basta con falar das formas de acción colectiva empregadas, senón do seu significado en relación co resto de actores sociais. Esta circunstancia explica que convivan repertorios de protesta distintos nunha mesma sociedade e, incluso, nun mesmo movemento, sen que por iso queira dicir que todos teñan as mesmas implicacións políticas.

Como ten reflexionado Jürgen Habermas, na busca dos fundamentos dunha sociedade democrática, a lexitimidade política sitúase sempre entre a facticidade e a validez, é dicir, entre a realidade de que a violencia e a coacción forman parte de calquera sistema político, incluído daqueles estados chamados democráticos, pero dun xeito tal que esa violencia ten que ser obxecto de lexitimidade normativa<sup>42</sup>. A discusión está no terreo de cómo se constitúe esa lexitimidade normativa, e de se por criterios de tipo procedimental ou instrumental consideramos que é válida. De querer entender os fundamentos e cómo se constituíron historicamente eses criterios de validez, é imprescindible coñecer a acción reivindicativa de movementos sociais como o movemento obreiro.

---

42 HABERMAS, J. *Facticidad y validez: sobre el derecho y el estado democrático de derecho en términos de la teoría del discurso*. Madrid: Trotta, 2000.